

MEMORIA FIN DE CURSO

1.- ESPAZO

A aula de música atópase no 2º andar do centro. Trátase dun amplo espazo que permite repartilo en diferentes recantos (familias de instrumentos, traballo escrito, zona de escoita e de movemento etc). Está dotada con numeroso material didáctico musical.

2.- ACTIVIDADES (Proxectos, titoriais, materiais creados, investigacións, ligazóns a traballos,...)

Na aula de música, ademais do traballo realizado en cada curso, propio das unidades didácticas nas que se afondou en tódolos bloques de contidos da materia, tamén se realizaron actividades que incluíron ao conxunto do alumnado de Educación Primaria.

SAMAÍN

Participación de 5º e 6º de EP na festa do Samaín cunha instrumentación con xilófonos/metalófonos, frautas e voz.

MAGOSTO

Nesta festa converteuse a aula de música nun recanto onde todo o alumnado participou activamente con bailes e cancións relacionados coa temática da festa.

NADAL

Colaboración na elaboración de diferentes actividades musicais nas distintas aulas de primaria.

ENTROIDO

Colaboración na organización do desfile organizado polo centro.

MAIOS

Todo o alumnado do centro participou nesta conmemoración coa interpretación dunha canción sobre a temática, cunha letra elaborada na clase de música. Ademais, o alumnado de 6º interpretou esta canción con frautas e outros instrumentos de vento.

LETRAS GALEGAS

Colaboración na elaboración das diferentes actividades nas distintas aulas de primaria, así como interpretación con instrumentos de percusión de diferentes cancións propias do folclore tradicional.

CHOVEN TALENTOS

Organización dunhas xornadas onde todo o alumnado do centro podía mostrarnos a todos e todas o seu "talento".

Ao longo de todo o curso, en todos os niveis intentouse traballar a música tradicional galega, dende a súa estrutura, a través da escoita, a interpretación e a danza.

3.- RECURSOS

Na aula de música empregáronse os distintos recursos propios da aula, como son:

INSTRUMENTOS: instrumentos de altura indefinida (claves, triángulos, paus chineses etc) e definida (xilófonos, metalófonos etc), frauta doce, frauta melódica, piano, tubos sonoros etc.

MATERIAL ELABORADO: pentagramas individuais, grandes pentagramas, ritmogramas físicos e distintos xogos musicais.

MURAI: distintos murais repartidos pola aula que o alumnado pode manipular.

PANTALLA: na que o alumnado pode seguir distintos ritmogramas en movemento.

PIZARRA PAUTADA: con pentagramas para poder escribir música nas distintas explicacións.

MAQUETA ABALAR: aproveitamento da plataforma para practicar con algunhas aplicación musicais interactivas, como editar partituras, montaxe de audios etc.

4.- CURRÍCULO

Na aula de música, facendo un balance global, todo o alumnado acadou os obxectivos mínimos do curso. Tentouse sempre traballar dunha maneira lúdica, adaptando as tarefas aos intereses e motivacións dos nenos/as.

A danza, o canto, a interpretación instrumental, a audición activa, a linguaxe musical, os ritmos, a exploración sonora do entorno formaron parte do proceso educativo de tódolos cursos, sempre adaptados a cada nivel.

A avaliación foi un proceso continuo, baseado na observación diaria das actitudes, dos traballos, das implicacións e dos progresos do alumnado.

5.- PARTICIPACIÓN DO ALUMNADO

Na aula de música, o alumnado participou activamente en todas as actividades propostas, tanto dende a área de música como dende o centro, actividades complementarias.

6.- PARTICIPACIÓN DAS FAMILIAS E IMPLICACIÓN NO PROCESO DE APRENDIZAXE DO ALUMNADO

Mantivéronse reunións puntuais cas familias que o solicitaron, ou cando foi necesario por diferentes motivos. A resposta das familias foi sempre moi positiva, colaborando sempre que foi preciso e participando activamente nas propostas da aula e do centro, reflectíndose nos resultados acadados polo alumnado.

6.- COORDINACIÓN DO PROFESORADO

A coordinación e comunicación entre o diferente profesorado do centro foi constante e continua en todos os niveis.

7.- ANÁLISE DOS RESULTADOS

Os resultados curriculares na área de música tendo en conta os distintos niveis foron os seguintes:

Nº ALUMN@S	APROBAN	NON APROBAN
130	130	0
PORCENTAXE	100%	0%

8.-DIFICULTADES ATOPADAS

A maior dificultade observada ao longo do curso presentouse á hora de organizar as clases. Tal e como establece o currículo de primaria, a materia conta con unha sesión á semana. Este feito fai complicado o desenvolvemento do proceso de ensinanza-aprendizaxe, así como a consecución dos diferentes obxectivos. Polo demais, non se presentaron dificultades significativas.

9.-PROPOSTAS PARA O VINDEIRO CURSO

- Os contidos de linguaxe musical son o aspecto da materia que precisa traballarse máis de cara ao vindeiro curso, poñendo atención á súa aplicación na interpretación e na escoita.
- Ademais, unha proposta para a vindeiro curso será intentar que as distintas actividades complementarias non coincidan coas mesmas sesións de música, é dicir, intentar que se repartan.
- Programación de saídas a concertos de algunha banda, orquestra, grupo de cámara etc.
- Colocación dun corcho na entrada da aula para a exposición de distintos traballos.
- Organización co profesorado para facer soar música tanto nos patios como á entrada e á saída, seguindo un proxecto xa elaborado durante este curso, e que non se levou a cabo coa constancia desexada.
- Posibilidade de que o alumnado poida facer uso dos distintos instrumento durante algún recreo se así o desexan.

10.-MATERIAIS PRECISOS PARA UN BO DESENVOLVEMENTO DO CURSO.

- INSTRUMENTOS: ir incrementando o material musical con instrumental que non se teña na aula, como por exemplo, unha batería, instrumento ben coñecido polo alumnado e que soen demandar.
- PIZARRA DIXITAL: para que o alumnado poida interactuar con distintas aplicacións/xogos musicais.
- CORCHO: para colocar na entrada da clase.